

O PRONOME PERSOAL

O **pronome persoal** é unha clase de palabras que fai referencia ás tres persoas gramaticais do discurso, que exerce a función de NÚCLEO da frase substantiva e que pode variar en xénero e número (aínda que tamén presenta formas invariables)

FORMAS TÓNICAS

Número	Persoa	Formas rectas	Formas	
			Libres	Ligadas
Singular	1. ^a	<i>eu</i>	<i>min</i>	<i>comigo</i>
	2. ^a	<i>ti, vostede</i>		<i>contigo</i>
	3. ^a	<i>el/ela, si</i>		<i>consigo</i>
Plural	1. ^a	<i>nós, nosoutros/as</i>		<i>connosco</i>
	2. ^a	<i>vós, vosoutros/as, vostedes</i>		<i>convosco</i>
	3. ^a	<i>eles/elas, si</i>		<i>consigo</i>

Contraccións:

	el	ela	eles	elas
de	<i>del</i>	<i>dela</i>	<i>deles</i>	<i>delas</i>
en	<i>nel</i>	<i>nela</i>	<i>neles</i>	<i>nelas</i>

Uso dalgúns pronomes persoais tónicos:

- **Eu-min:** *eu* é sempre suxeito, en canto *min* se usa tras preposición ou conxunción comparativa.
- **Nós-nosoutros/as, vós-vosoutros/as:** as formas *nosoutros* e *vosoutros* empréganse para aludir a un grupo pequeno inserido nun grupo maior.
- **Connosco-con nós, convosco-con vós:** as formas libres *con nós/vós* só se poden utilizar cando van acompañadas de certos pronomes identificadores e numerais.

FORMAS ÁTONAS

Número	Persoa	CD	CI
Singular	1. ^a	<i>me</i>	
	2. ^a	<i>che</i>	<i>te</i>
	3. ^a	<i>lle</i>	<i>o/a, lo/la, no / na; se</i>
Plural	1. ^a	<i>nos</i>	
	2. ^a	<i>vos</i>	
	3. ^a	<i>lles</i>	<i>os/as, los/las, nos/nas; se</i>

Contraccións

	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	nolos	nolas
vos	volo	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

Uso dalgúns pronomes persoais átonos

- **O/a/os/as, lo/la/los/las, no/na/nos/nas:** utilízase *lo/la* cando o verbo acaba en -r ou -s; *no/na*, se o verbo acaba en ditongo; e *o/a* no resto dos casos.
- **Te(CD)-che (CI)** para saber cando se usan, debe mudarse por un clítico de 3.ª persoa; por tanto, emprégase *te* se resulta *o/a* (ou alomorfos) e *che* se o produto é *lle*.

As formas de dativo dos pronomes persoais (ME, CHE, LLE, NOS, VOS, LLES) teñen como función principal a de CI, mais tamén desempeñan outras funcións pragmáticas:

- **Dativo de solidariedade:** mediante o uso das formas de segunda persoa (*che, vos, lle* e *lles*, estas dúas últimas no tratamento de cortesía) o falante pretende buscar a solidariedade do seu interlo- cutor en relación coa información que *lle* está ofrecendo; desexa implicalo máis directamente no que *lle* comunica: *Vaiche boa! Isto non lle é o que parece!*

Pode combinarse con pronomes persoais que desempeñen todas as demais funcións e entre todos eles ocupa a primeira posición: *Isto non che me gusta nada.*
- **Dativo de interese:** indica que a persoa á que fai referencia o pro- nome presenta un especial interese no desenvolvemento da acción expresada ou nas súas consecuencias: *O neno non me estuda nada, Aínda non vos teñen iso arranxado?* Poden usarse as formas das seis persoas gramaticais e combinarse cos pronomes en función de CD, dativo de solidariedade e dativo posesivo: *Rompéronchemelle a fiestra co balón* (dativo de solidariedade, dativo de interese e dativo posesivo).
- **Dativo posesivo:** o pronome desempeña a función sintáctica de CI, mais aproxímase ao valor dos posesivos, pois indica relación con substantivos referidos a partes do corpo, parentesco ou propiedades. *Roubáronme a carteira, lá entretida e sen querer piseille a man*

As **formas reflexivas** do pronome persoal (ME, TE, SE, NOS, VOS, SE) indican que a acción expresada polo verbo e realizada polo suxei- to recae sobre este mesmo, é dicir, coinciden o axente e o paciente; polo tanto, o referente do Suxeito e do CD é o mesmo; a súa función sintáctica é pois a de CD (ver cadro á marxe).

As formas de plural aparecen tamén nas denominadas construcións recíprocas (un suxeito realiza unha determinada acción sobre outro e este reciprocamente realiza a mesma sobre o primeiro); a función sintáctica neste caso pode ser CD ou CI:

Antes do debate, os contrincantes saudáronse cortesmente e déronse a man.

Hai que ter en conta que, non sendo nas construcións recíprocas, estes pronomes son incompatíbeis con un complemento directo expreso; en concreto non poden usarse estes pronomes:

-cando a acción é exercida sobre unha parte do suxeito: *eu laveime / eu lavei as mans*, mais non é posíbel **eu laveime as mans*;

-cando, por interferencia do castelán, se pretende indicar o benefi- ciario ou interesado na acción verbal: *bebín un vaso de zume*; non sería correcto **bebinme un vaso de zume*.

Tampouco son posíbes as construcións pronominais na maior parte dos verbos intransitivos, como *adormecer*, *morrer*, *espertar*, *quedar*, *sentar*, *calar*, *subir* e outros; diremos, polo tanto, *espertei co ruído* e non **esperteime co ruído*; *senta na cadeira* e non **séntate na cadeira*

Valores de se

- **Reflexivo**,
- **Recíproco**
- **Morfema verbal**, nos verbos pronominais (queixarse...) e nos que funcionan ás veces como pronominais (afogar / afogarse...).
- Índice de **pasiva reflexa**, cun suxeito paciente que concorda co verbo: Nesas hortas plántase millo. Nesas hortas plántanse patacas.
- Índice de **activa impersonal**, sempre co verbo en 3ª persoa do singular: Alúgase apartamento(s) na tempada de verán.

Colocación do pronome átono

Na maior parte dos enunciados vai ENCLÍTICO (DEPOIS DO VERBO)	<i>Explicamo outra vez, por favor.</i>
VAI PROCLÍTICO (ANTES DO VERBO)	
Nos enunciados negativos.	<i>Nunca se para a pensar antes de falar.</i>
Nos enunciados desiderativos.	<i>Oxalá nos chamen.</i>
Nos enunciados introducidos por pronome ou por adverbio interrogativo ou exclamativo.	<i>Comolle explico o que sucedeu? Canto quero!</i>
Nos enunciados iniciados por algúns adverbios e pronomes	<i>Eu tamén che quería pedir un favor. Alguén cho dixo e vou sabelo...</i>
Nas cláusulas subordinadas.	<i>Sería bo que nos dixeses a verdade.</i>

*Nas perífrases verbais o pronome pode colocarse despois do verbo auxiliar ou antes do auxiliado ou despois deste..
Teño que collelo / Téño que coller / Teño que o coller

